

GRUPO JUNQUERA RECIBE UNHA UNIDADE MÓBIL DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

A empresa pontevedresa Grupo Junquera recibirá o vindeiro xoves 25 de xuño, a campaña de doazón da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS). Unha unidade móbil da ADOS estacionará, das 10:00 ás 14:00 horas, diante de Automoción La Junquera para acadar a solidariedade dos traballadores e traballadoras que teñen realizado un total de 954 doazóns de sangue desde 2004, ano no que comezaron a desenvolverse as campañas de doazón nesta empresa. A ADOS quere agradecer, tanto á dirección de Grupo Junquera como aos seus traballadores e traballadoras, a súa colaboración e compromiso coas campañas de doazón de sangue.